

PREMIOS AFIPRODEL 2013

FICHA DO PROXECTO

Datos de identificación do proxecto		
MODALIDADE <i>Marca só unha modalidade</i>	A. Proxectos/actuacións promovidos por administración públicas	<input type="checkbox"/>
	B. Proxectos/actuacións promovidos por entidades privadas	<input type="checkbox"/>
	C. Proxectos emprendedores/empresariais	<input checked="" type="checkbox"/>
NOME	Planta de Primeira Transformación de Elaborados Cárnicos Asociados a Explotación Familiar	
ENLACES	www.raposocarnicos.com	
CONCELLO	Dumbría	PROVINCIA A Coruña
ENTIDADE PROMOTORA	Nome completo	Raposo, S.C.
	Contacto	José Antonio Casais Fernández
	Enderezo	Lg. De Boudañeira, s/n - Olveira - 15151 Dumbría
	Tfno.:	981741600
	@	info@raposocarnicos.com
	web	www.raposocarnicos.com
	AEDL	Nome e apelidos
Entidade á que pertence		Asociación Costa da Morte - GDR
Concello		Vimianzo (A Coruña)
@		xerenteleader@gdrkostadamorte.com
Papel no proxecto		Asesoramento e axuda na tramitación da subvención Leader

Descrición do proxecto	
PRESENTACIÓN	Con este proxecto preténdese mellorar a comercialización da carne que producen na propia explotación, de tal forma que se lle da unha mellor saída ós animais da granxa, conséguese facer un produto de calidade e alto valor engadido e lograse unha maior rendibilidade da empresa. Para lograr iso faise unha transformación do produto e véndese directamente aos restaurantes e consumidores finais eliminando intermediarios. Para facer isto fíxose unha planta de primeira transformación, con maquinaria moderna e véndese o produto na propia planta, véndese a través dun comercial e tamén mediante tenda on line. Co cal trátase de cerrar o ciclo produtivo: críanse os animais, faise a transformación da carne e véndese ao cliente final.
XUSTIFICACIÓN	Raposo, S.C. é unha empresa familiar que se dedica a explotación gandeira tradicional e ten unha granxa de vacún de leite e unha granxa de porcino. Cos baixos prezos do leite e co baixo prezo da carne de porcino (1 € ou menos o Kg. de canal que pagaban os matadoiros) había que plantexar unha alternativa de diversificación e comercialización do produto. Co cal pensaron que facendo unha transformación do produto e vendendo ao consumidor final (eliminando intermediarios) sería unha boa maneira de sacar unha maior rendibilidade a súa empresa.
DESCRICIÓN	Raposo, S.C. foi creada no 2008 para continuar coa explotación familiar e promover o cambio xeracional da explotación gandeira, pasando a formar parte desta empresa a segunda e terceira xeración da familia (pai, nai e fillo). Tiñan unha explotación de 65 cabezas de gando vacún leiteiro e 70 cabezas de porcino (porcas a ciclo completo). O leite véndenllo a Feiraco Lácteos, S.L. e os porcos vendíanllos ós matadoiros, a carnicerías da zona, etc.
DESCRICIÓN	Polo tanto, plantéxanse facer un “Proxecto de planta de primeira transformación de elaborados cárnicos asociados a explotación familiar”, para dar unha mellor saída ao porcino, para obter unha maior rendibilidade, procesando eles mesmos as canles de porcino criadas na explotación familiar e obtendo embutidos e despezamento, conseguindo un produto de alto valor engadido, un produto de calidade. Desta forma , lévase o seu gando porcino ao matadoiro de Vimianzo, posteriormente procesan as canles para obter despezamento de porcino e logo

facen os diferentes produtos: embutidos (chourizo de diferentes formas, lomo, longaniza e salchichón), cocidos (cabeza de porco, rinchóns), frescos (cabeceiro, criollos, costilletas, costelas, lacóns, solomillo, zorza,...) e curados e salgados (codillo, costela, panceta,...). Logo os produtos comercialízanse na propia tenda da explotación, mediante un comercial ou mediante a tenda On Line, a quen demande os produtos: restaurantes, comercios, carnicerías, casa particulares,...

Para facer a planta de transformación e punto de venda restauran e acondiciónase unha casa vella da familia e os anexos aledaños a esta. De tal forma evítase o derrumbamento destas edificacións e mantense o patrimonio rural na zona. Nesta planta hai o seguinte: recepción e tenda, cámara de canles, sala de despezamento e cámara de despezamento, un obradoiro, cámara de pastas, afumadeiro, sala de lavado, sala de envasado, sala de secadoiro, almacén de caixas e embalaxes, almacén de produto terminado.

Equípase as instalación coa maquinaria e equipos mais modernos e comprase unha furgoneta frigorífica para a distribución do produto terminado.

Con este proxecto cérrase o ciclo produtivo, xa que crían os seus propios animais e controlan a súa alimentación, transfórmanos e engádenlle valor engadido e logo venden directamente ao consumidor final un produto de calidade.

Con este proxecto pretendíase consolidar os 3 empregos que xa tiñan e crear 1 emprego novo, e sen embargo en realidade creáronse varios máis.

OBXECTIVOS	<p>O principal obxectivo era buscarlle unha mellor saída á carne de porcino criada na súa explotación.</p> <p>Conseguir manter os empregos que tiñan e crear mais</p> <p>Diversificar a empresa para non estar tan suxeitos aos vaivéns dos prezos do mercado</p> <p>Transformar o produto na propia zona e que o valor engadido quede aquí</p> <p>Lograr a permanencia da empresa e mellorar a súa rendibilidade.</p>
ACTUACIÓNS	<p>Faise a rehabilitación e acondicionamento dunha vivenda familiar e dos seus locais anexos para facer unha planta de transformación de elaborados cárnicos.</p> <p>Equípase a planta coa maquinaria e equipos necesarios.</p> <p>Cómprase unha furgoneta frigorífica para a distribución do produto terminado</p> <p>Deséñase unha imaxe corporativa</p> <p>Faise unha paxina Web e unha tenda On Line</p>
ESTRATEGIAS, METODOLOXÍAS	<p>Os promotores fan un estudo do que hai na zona, do que se necesitaría para facer a inversión que eles pretenden, miran as axudas ás que poderían acceder, miran a financiación bancaria,...</p> <p>A súa vez danse conta de que de non facer ningunha actuación e de seguir como están seguirían condicionados aos vaivéns dos prezos que marcan ás fábricas para o leite e dos prezos que fixan para os canais de porcino os matadoiros, e tendo en conta as constantes subidas de combustibles e pensos practicamente non lles queda marxe algunha.</p> <p>Arriéganse, dan o paso e métense a facer a inversión reflexada pois pensan que é a forma de sobrevivir e mellorar.</p>
RESULTADOS	<p>Solicitaron e conseguiron unha axuda do GDR Costa da Morte, fixeron as inversións, e están traballando coa planta de transformación dende primeiros de 2012. Consolidaron o emprego que tiñan e crearon máis empregos dos que tiñan previsto. Os seus produtos teñen moi boa acollida no mercado.</p> <p>Con este proxecto, que está ubicado na propia explotación gandeira, conséguese manter o patrimonio na zona e axúdase a que a xente sega no rural e non marche para fora.</p>
ELEMENTOS SALIENTABLES	<p>Contrólase a alimentación dos animais e déixanse medrar o tempo suficiente para que a súa carne esté “feita” e teña unha cor e textura mellores logrando desa forma un produto de gran calidade.</p> <p>Aquí cérrase o ciclo produtivo e elimínanse intermediarios, conseguindo que os marxes queden na propia explotación.</p> <p>Este proxecto pode servir de espello para que outras explotacións fagan algo similar para obter maiores rendibilidades.</p>

	<p>Consolidanse os empregos que xa había (3 autónomos) e créanse 4 novos empregos de persoal asalariado.</p>
PERSPECTIVA DE FUTURO	<p>Unha vez posto a andar o proxecto danse conta por eles mesmos e polas demandas dos clientes que poderían distribuír tamén carne de vacún, xa que os mesmos clientes consumen tanto os produtos de porcino como de tenreira.</p> <p>Co cal agora están inmersos nunha ampliación do negocio para poder suministrar tamén carne de tenreira galega. Para facer isto poderían comprar os animais a outros e logo transformalos ou ben criar eles mesmos os animais, e optaron por esta segunda opción, xa que desta forma controlan o que comen os animais e poderán obter un mellor produto. Así que van facer un cebadeiro para criar animais de tenreira galega, para o cal alugaron unha finca de gran extensión e estana preparando para poder cultivar os cereais e a herba para alimentar os animais.</p> <p>Polo tanto, van diversificar mais o negocio producindo, transformando e distribuindo tamén tenreira galega.</p> <p>O proxecto é viable economicamente e coa nova ampliación que están a levar a cabo suponse que vai mellorar inda máis a rendibilidade da empresa.</p>
FINANCIACIÓN	<p>A inversión sobrepasou os 305.440,13€ (incluído o IVE)</p> <p>Obtiveron unha axuda do GDR Costa da Morte a través do Programa Leader Galicia 2007 - 2013 dun importe de 115.704,86€, que equivale ao 44,70% da inversión (sen incluír o IVE).</p> <p>O resto da inversión financiárona con recursos propios e con algunha financiación bancaria.</p>
RECURSOS EMPREGADOS	<p>No desenvolvemento do proxecto participaron principalmente os socios da empresa, a familia Casais - Moledo (o pai, a nai e o fillo: José Antonio, M^a Dorinda e Jesús).</p> <p>Tamén participa a empresa redactora do proxecto técnico (Indutec ingenieros, S.L.)</p> <p>As empresas que fixeron a inversión e suministraron a maquinaria y o equipamento.</p> <p>O xerente da Asociación Costa da Morte - GDR na tramitación da axuda do Programa Leader.</p>
OUTROS DATOS	<p>É a única empresa destas características da zona.</p> <p>É unha empresa que desenvolve os seus produtos dende a cría do gando ata a elaboración do produto final e comercialización ata o consumidor final. Desenvolven o produto seguindo todo o seu proceso produtivo por eles mesmos e obtendo como resultado un produto final artesanal de calidade e cun gran valor engadido.</p>
ENLACES RELACIONADOS	<p>http://www.raposocarnicos.com</p>

